

Cuestión 16.- **A Ilustración en España**

A Ilustración é unha corrente de pensamento caracterizada pola confianza ilimitada na **razón**, por iso o século XVIII é denominado o Século das Luces. Os ilustrados crían que os seres humanos, conducidos pola súa intelixencia, podían alcanzar o coñecemento, base da **felicidade**. Por isto eran firmes partidarios da educación e do progreso. Mostráronse contrarios á transmisión de calquera privilexio e defenderon o dereito á **igualdade** e á **liberdade** (dos individuos e económica) e, sen negar a existencia de Deus, opuxéronse ó dominio ideolóxico da Igrexa, ós seus privilexios e á súa visión inmovilista e conservadora. Tamén se enfrontaron ó absolutismo monárquico, defendendo a necesidade dun **contrato** entre gobernantes e gobernados que garantise os dereitos básicos dos individuos (igualdade, liberdade, propiedade...) e, para evitar que o poder se exercese de forma absoluta propuxeron a **división de poderes** (Montesquieu) e a **soberanía nacional ou popular** (Rousseau), expresada mediante o voto dos cidadáns.

A introdución e **difusión do ideario ilustrado en España foi lenta**. As novas ideas difundíronse entre unha minoría con formación de burgueses e algúns membros do clero e da nobreza. **A maior preocupación dos ilustrados españois (Feixoo, Campomanes, Aranda, Jovellanos, Floridablanca, Olavide...) foi o progreso**, o que os levou a criticar a tradición e a propoñer medidas educativas e reformistas que favorecesen o crecemento económico. Defenderon unha **ensinanza útil e práctica, obrigatoria nos primeiros niveis, común ós dous sexos e relacionada co estranxeiro**. No aspecto económico consideraron que o atraso procedía do predominio da propiedade nobiliaria e eclesiástica, do excesivo control sobre as actividades económicas e do descoñecemento das novas técnicas e inventos e propuxeron a **conversión das terras amortizadas** (morgados nobiliarios, terras eclesiásticas, bens comunais) **en propiedade privada**, o reparto de terras entre os campesiños e a abolición dos privilexios da Mesta. Tamén defenderon a creación de **Sociedades Económicas de Amigos del País** para estudar a situación económica, fomentar a agricultura, o comercio e a industria, traducir e publicar libros estranxeiros e impulsar a difusión das novas ideas.

A mediados do XVIII estendeuse por Europa o **Despotismo Ilustrado**, forma de goberno que conserva o poder absoluto dos reis, pero empregado para incrementar a riqueza do reino e lograr a felicidade e benestar dos súbditos, de aí o seu lema: *Todo para o pobo, pero sen o pobo*.

En España, o Despotismo Ilustrado chegou co reinado de **Carlos III** (1759 – 1788). Este monarca, con experiencia no reino de Nápoles, tivo que enfrontarse á oposición dos privilexiados, contrarios ás súas reformas. En 1766 produciuse en Madrid o **motín de Esquilache**, unha revolta popular motivada polo malestar da poboación pola escaseza e elevado prezo dos alimentos básicos, o rexeitamento á presenza de estranxeiros nos altos cargos (Grimaldi, Esquilache...) e descontento dos privilexiados ás reformas. O motín tivo como detonante as medidas de saneamento (limpeza e alumeado urbano) e orde pública (prohibición de xogos de azar, de uso de armas e de sombreiros de aba ancha e capas longas) do ministro Esquilache. Ante o alcance da revolta, Carlos III destituíu a Esquilache, paralizou as reformas e baixou os prezos dos produtos básicos.

Calmada a situación, o rei contou con ilustrados españois (Campomanes, Floridablanca, Aranda, Olavide, Jovellanos, Cabarrús...) para levar a cabo as reformas que permitisen modernizar o país:

- **Fortalecemento do Estado e do poder do rei** mediante o aumento de efectivos na administración e **limitación do poder da Igrexa**. Neste contexto hai que situar a **expulsión da orde dos xesuítas** (1766), de enorme poder e con obediencia ó papado que incitara o motín de Esquilache.

- **Defensa do valor do traballo artesanal** e recoñecemento de que o desenvolvemento desta actividade era compatible coa nobreza.

- **Potenciación da educación** coa creación de escolar populares para a aprendizaxe dun oficio, fundación de institucións culturais e científicas (Academia da Lingua, de Belas Artes, de Historia, de Ciencias Naturais, militares, Colexios de Medicina e Cirurxía, observatorio astronómico, xardín botánico...).

- **Mellora da agricultura** limitando os privilexios da Mesta, fomentando o cultivo de novas terras (colonización de Serra Morena dirixida por Olavide), favorecendo a introdución de melloras técnicas

(sementes e procedementos de cultivo), estendendo o regadío... Tamén se crearon as **Sociedades de Amigos do País**.

- Intentos de **modificación da propiedade agraria**. O exceso de terras vinculadas (da nobreza) e de *mans mortas* (da Igrexa) e o exceso de campesiños sen terras intentou paliarse co reparto de terras comunais, alongando os contratos de arrendamento ou concedendo créditos para mercar aparellos; pero a oposición dos grupos privilexiados limitou o efecto estas medidas.

- **Fomento da produción artesanal e industrial** combinando o intervencionismo estatal co apoio á iniciativa privada. Creación de manufacturas reais para satisfacer a demanda da Coroa (tapices, cristais, porcelanas...), da construción naval (arsenais), do material bélico... Concesión de axudas para a ampliación de vellos talleres (téchiles, curtidos...) ou instalación de fábricas.

- **Apoio ó desenvolvemento do comercio** decretando a libre circulación de mercancías no interior, mellorando a rede viaria, acondicionando os portos, fomentando a construción naval... Así mesmo liberalizouse de forma progresiva o comercio colonial (fin do monopolio do porto de Cádiz, 1765).

As reformas tiveron uns resultados limitados pola persistente oposición dos privilexiados, pola escasa burguesía e pola miseria das masas populares.